



Cantabria e os seus prados

A continuación expoño os principais factores que inciden na produción de herba na comunidade cántabra e ofrezco algunhas recomendacións á hora de escoller variedades, así como para o seu manexo e a súa conservación, co obxectivo de acadar un aproveitamento óptimo e, por conseguinte, abaratar o prezo da produción de leite.

Elías Celis Sánchez
Servizo de Producción Vexetal de AgroCantabria

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Agandería en Cantabria está a sufrir unha gran transformación: na campaña 1995-1996 existían 7.748 explotacións que producían leite, dúas décadas despois diminuíron ata as 1.392 e na actualidade non supera as 1.200. Nas pradeiras cántabras diferéncianse tres zonas segundo o seu clima e orografía con pendentes superiores ao 30 % nun terzo do seu territorio ou cun 50 % por riba dos 600 m de altitude.

- 1. Zona costeira:** cunha superficie de 23.200 hectáreas aproximadamente, o 75 % dedícase á sementeira de cultivos anuais (millo e raigrás italiano) para ensilado. O 25 % restante son prados naturais destinados á sega de herba para verde ou ensilado. Esta zona é onde se asenta a maior produción de leite de Cantabria.
- 2. A montaña ou zona media:** é a de maior superficie con preto de 100.500 hectáreas, con predominio de pasteiros e pastos de porto e é a gandería de carne a que maioritariamente os aproveita. Dúas excepcións son a zona de Villacarriedo (Tezanos, localidade con maior carga gandeira da comunidade) e Soba, onde a maioría das explotacións son de leite.
- 3. Zona sur:** comprende Valderredible e Campoo, onde predomina o gando de aptitude cárnica e son moi escasas as explotacións leiteiras.



PRODUCCIÓN DE HERBA EN CANTABRIA: FACTORES E RECOMENDACIONES

A importancia das forraxes na produción de leite contribúe a reducir os custos de alimentación; o 75 % das explotacións de leite teñen a súa base forraxeira en ensilados de herba e millo. A sementeira de cultivos forraxeiros ten por obxectivo incrementar a produción de materia seca por hectárea e a de ofrecer alimentos con maior potencial nutritivo, pero estes cultivos (millo e raigrás italiano) requiren unhas prácticas culturais de manexo adecuadas. Por iso, a súa compra sufragou un descenso significativo en Cantabria, onde a autosuficiencia é xeneralizada, para o que a rotación de cultivos foi un grande avance.

Os factores que inciden na produción de herba da zona costeira poden extrapolarse a outras zonas e manexos. Entre outros, destacan os seguintes: ámbito xeográfico, condicións climáticas, solo, fertilización, sanidade, elección de especies e selección de variedades, manexo do cultivo e aproveitamento.

No que respecta ao factor climático, pouco pode influír o gandeiro; sirva como exemplo este ano (2018), no cal as precipitacións foron moi superiores á media rexional de 1.150 l/m². Segundo a AEMET, recolléronse 1.693 l/m² na Estación Meteorolóxica de Santander-Parayas e no mes de xullo alcanzáronse os 169,5 l/m², cando a media é de 52,4 l/m². É na elección de pradeiras onde o gandeiro pode incidir para mellorar o rendemento que vai destinar a cada cultivo. Por exemplo, en ocasións seméntase millo en solos inadecuados por diversos motivos (exceso de humidade, pendente, falta de fondo de solo etc.), o que diminúe a produción. Nestes casos deben seleccionarse aquelas especies ou variedades que mellor se adaptan ao solo da zona.

O manexo da forraxe, a madurez da herba no momento da recolección, acondicionado (presecado) da herba, picado e conservación, entre outros, son factores importantes á hora dunha maior utilización polo gando. O aproveitamento e a conservación da herba son as mellores ferramentas para producir leite máis barato.

O control da flora arvense como *Rumex* (herba acedeira), *Taraxacum officinale* (mexacán), *Plantago lanceolata* (lingua de ovella) etc. é outro factor de suma importancia. Estas especies compiten coa dispoñibilidade dos nutrientes do solo polas pratenses cultivadas e ata chegan a ser dominantes. Así, en explotacións con altas cargas gandeiras, nalgúns casos superiores a 4 UGM/ha, a xestión das dexeccións e a súa posterior aplicación á pradeira poden orixinar cambios na composición botánica desta ou mesmo ata desaparecer algunhas especies, como as leguminosas.

Cal sería o manexo dunha finca dominada pola flora arvense?

En primeiro lugar, valorar o grao de dominio da flora arvense da pradeira. Se é baixo, podar limparse e resementar; se é elevado, debe suscitarse a sementeira na súa totalidade. Durante os meses de setembro e outubro deste ano, houbo unha praga moi agresiva de *Mythimna unipuncta* (eiruga defoliadora) que causou estragos en moitas das pradeiras de Cantabria, sobrevivindo especies dicotiledóneas de baixo valor alimenticio. Poucas opcións lle quedan ao gandeiro se non resementa, posto que, ademais, as especies dominantes serán a *Stellaria media* (muruxa), *Mentha suaveolens* (mentraste), *Amaranthus* etc., que tratarán de ocupar durante o inverno todo ese espazo que quedou libre no solo.

Con que variedades resementar?

Á hora de elixir a variedade que se vai semear deben seguirse uns criterios agronómicos e buscar a especie ou especies que mellor se adaptan ás necesidades da explotación. O *Lolium multiflorum* (raigrás italiano), *Lolium hybridum* (raigrás híbrido) e *Lolium perenne* (raigrás inglés) son moi boa produción de forraxe e unha boa calidade nutricional. A dedicación desa herba é outro parámetro á hora da elección. Se o seu destino é para sega intensiva con duración de dous ou tres anos, a mestura do italiano co híbrido funciona bastante ben e no caso de ser para pastoreo ou menos intensiva e duración de ata cinco anos, a mestura de inglés con híbrido dá un equilibrio moi

► O APROVEITAMENTO E A CONSERVACIÓN DA HERBA SON AS MELLORES FERRAMENTAS PARA PRODUCIR LEITE MÁIS BARATO

produtivo. A dose de xurro a aplicar ao solo é outro aspecto considerable. Se non é moita cantidade, é interesante engadirlle á mestura algunha variedade de trevo, xa que este incrementa a proteína; mentres, en achegas elevadas, este pode sufrir ou ata desaparecer. A elección da mestura idónea sería o outro parámetro agronómico buscando variedades de ciclo vexetativo moi próximo e cun espigado tardío. Un aspecto interesante é a selección da ploidía das variedades elixidas, as diploides presentan un maior contido en materia seca, mellor calidade nutricional para consumo en fresco como ensilado. As súas follas son máis estreitas e finas desde moi abaixo. Con todo, presentan un aspecto máis feo, verde menos intenso, necesitan menor tempo de presecado; mentres, as variedades tetraploides presentan un aspecto máis bonito, con follas anchas, verde intenso e brillante. Estas teñen un contido de auga superior, a cana é grosa e, nalgúns variedades, oca. Ás veces, cando chega a hora do corte, as follas inferiores están afectadas, teñen maior rocha de encamado e o presecado debe ser maior, co risco que iso supón.

Outros parámetros como a etiquetaxe da semente son aspectos de calidade á hora da valoración da súa calidade. Na actualidade aínda se comercializa semente onde a etiqueta non se axusta á lexislación europea vixente, sen nome da variedade, nin porcentaxe de xerminación, nin de pureza, nin exenta de fungos endofíticos etc. Entre outras, estas circunstancias obrigan o gandeiro a usar máis sementes por hectárea das debidas. ►



En que debemos basearnos á hora de fertilizar?

En primeiro lugar, hai que coñecer o contido en nutrientes (N, P, K etc.) do solo, a súa composición (textura) etc. e definir o seu manexo; en segundo lugar, é importante coñecer as necesidades do cultivo para unha determinada produción; as necesidades das pradeiras a sega son superiores ás de pastoreo; en terceiro lugar, débense valorar achegas de esterco ou xurros e coñecer a súa riqueza. Algúns gandeiros utilizan como un residuo e nalgúna época do ano será un problema; non debe esquecerse que é un fertilizante capaz de substituír unha certa cantidade de fertilizante inorgánico que mellora a estrutura do solo e incrementa a capacidade de intercambio catiónico, entre outros.

A época do ano na que se aplique o fertilizante tamén é importante á hora de pretender incrementar os rendementos da pradería. O outono é un bo momento para utilizar fertilizantes de fondo, achegando o fósforo, potasa, magnesio e emenda cálcica se o necesítase, mentres que a finais de inverno e inicio da primavera son épocas para aplicar os fertilizantes nitroxenados.

Que cantidade debemos aplicar?

En canto á fertilización, en Agrocantabria traballamos cunha ferramenta práctica chamada Profer, desenvolvida por Delagro. Este proxecto permite valorar o xurro, xestionar os recursos propios, utilizar o fertilizante ideal para o cultivo que necesita cada parcela e contribuír á redución do impacto ambiental etc. Trátase dunha ferramenta en continua evolución.

A incorporación dun maior número de análise de solos da comunidade autónoma de Cantabria permite detectar diferenzas entre as distintas zonas agroclimáticas e de manexo dos prados.

Figura 1. Diferentes zonas edafoclimáticas en Cantabria



Na actualidade dispón de 190 mostras de solos de prados de Cantabria, das cales as zonas con menor concentración de gando e, xa que logo, con menor achega de xurro, son as de inferior pH e superiores necesidades de potasio. »

Táboa 1. Análise de solos das pradeiras de Cantabria

	pH (H ₂ O)	Fósforo (P ₂ O ₅) (mg/kg)	Potasio (K ₂ O) (cmol/kg)	Calcio (CaO) (cmol/kg)	Magnesio (MgO) (cmol/kg)	Saturación de aluminio (%)	Materia orgánica	Relación carbono/nitróxeno
Medio	5,97	23,92	0,56	12,11	1,83	5,96	3,89	11,11
Máximo	8,05	273,49	4,45	46,50	6,15	53,20	31,41	17,10
Mínimo	4,56	2,40	0,09	1,35	0,21	0,02	0,00	8,94
N.º mostras	190	190	190	189	189	77	190	83
Moi baixo	25	27	18	1	1	54	107	0
Baixo	46	103	56	44	22	12	16	23
Medio	51	35	78	74	73	6	24	43
Alto	25	21	26	49	55	5	32	15
Moi alto	44	5	13	21	38	0	12	2
Moi baixo	13 %	14 %	9 %	1 %	1 %	70 %	56 %	0 %
Baixo	24 %	54 %	29 %	23 %	12 %	16 %	8 %	28 %
Medio	27 %	18 %	41 %	39 %	39 %	8 %	13 %	52 %
Alto	13 %	11 %	14 %	26 %	29 %	6 %	17 %	18 %
Moi alto	23 %	3 %	7 %	11 %	20 %	0 %	6 %	2 %

Unha opción que nos dan as análises é saber o pH, polo tanto, a elección de realizar ou non emendas cálcicas ou magnésicas, un elemento necesario na herba polos problemas de tetania que podería ocasionar no gando. Achegar unha emenda cálcica granulada, soluble e de alto valor neutralizante permite un traballo máis cómodo e evita o amazocado e o po, utilízase menos cantidade, facilita a repartición e, ademais, economiza.

En xeral, cabe diferenciar tres tipos de necesidades segundo sexa a distancia á que se atope a parcela da explotación. As máis próximas están en moitos casos saturadas de nutrientes e, ao revés, as máis afastadas son as máis necesitadas. No noso traballo diario observamos unha infravaloración dos xurros producidos na explotación.

▶ A MELLOR DAS PRADEIRAS PERMITE REDUCIR A COMPRA DE FORRAXES FÓRA DA EXPLOTACIÓN E ABARÁTASE O PREZO DE PRODUCCIÓN DUN LITRO DE LEITE

Aproveitamento

Outro factor importante é o sistema de aproveitar a forraxe. En zonas de montaña, onde se concentran gran parte das ganderías de carne, o pastoreo a dente é o máis utilizado e destínase máis superficie por UGM debido ás súas baixas producións, pero hai que dicir que a porcentaxe UGM/ha é moi baixa, do mesmo xeito que as producións medias. O corte de herba en fresco é utilizado por ganderías pequenas, as cales, do mesmo xeito que as anteriores de pastoreo, adoitan facer un corte de herba seca no verán. Esta práctica, polo traballo que ocasiona, cada vez é menor, dependendo da climatoloxía, pero cunha arma de dobre fío, que é a reseenteira natural que se realiza das pradeiras. Trátase de multiplicar a densidade de plantas coas sementes que van quedando no terreo, pero cando estas non son de calidade ou limpas, as pradeiras cárganse de flora arvense.

O ensilado é o sistema máis común de conservar a herba. As ganderías con máis de cincuenta vacas de muxido tenden ao sistema de alimentación con carro mesturador e o ensilado ofrécelle unha homoxeneidade na forraxe que non dá a herba verde. O problema que xera este sistema é o de compactación do terreo ao ter que traballalo con maquinaria cada vez máis pesada.

CONCLUSIÓN

A mellora das pradeiras permite reducir a compra de forraxes fóra da explotación, abarátase o prezo de produción dun litro de leite e facemos todo o que está na nosa man para seguir con esta profesión, tan honrosa e maltratada á vez. ■

NOTA DO AUTOR

Neste artigo extraéronse datos da publicación “Los pastos en Cantabria y su aprovechamiento”, traballo editado polo Centro de Investigación e Formación Agraria (CIFA), Muriedas (Cantabria).